



ORDENANZA FISCAL NÚMERO 27,

**REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE ENSINANZA
NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE VIVEIRO E OUTRAS ENSI-
NANZAS MUSICAIS.**

Artigo 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e o artigo 106 da Lei de Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88 do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa polos servicios de ensinanza do Conservatorio Profesional de música de Viveiro e outras ensinanzas musicais, ditas normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada lei 39/88.

Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa, a prestación dos servicios consistentes en Ensinanzas Musicais nos establecementos das entidades locais:

- 1.-Conservatorio Profesional de Música.
- 2.- Aula infantil e adultos de Música.
- 3.-Alumnos que se matriculen en ensinanzas non regradas. As prazas existentes nesta modalidade quedarán supeditadas ás posibles vacantes do Conservatorio Profesional de Música.

Artigo 3. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta ordenanza as persoas físicas e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que se matriculen no Conservatorio Profesional de Música ou nas distintas alternativas establecidas, segundo as tarifas sinaladas no artigo 6 desta Ordenanza.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4. EXENCIONS

Estarán exentos do pago da cota tributaria establecida no epígrafe 1 do artigo 6 desta ordenanza, tanto no que se refire á matrícula, apartado a), como ó pago mensual por impartición de clases, apartado b), os integrantes da Asociación Banda de Música "O Landro" de Viveiro, naquelas materias relacionadas co instrumento que toquen en dita Banda, tanto se teñen o carácter de obrigatorias como de complementarias, debendo acreditar dito extremo mediante certificación emitida polo Director da Asociación Banda de Música "O Landro" de Viveiro. Cada mes o Presidente da Banda de Música notificará á Secretaría do Conservatorio as altas e baixas que se produzan, para así poder realizar as correspondentes regularizacións nos cobros.

Artigo 5. BONIFICACIONES

Os funcionarios e persoal laboral fixo e en activo do Concello de Viveiro, así como os seus fillos, gozarán dunha redución do 50% nas taxas de matrícula recollidas no artigo 6, epígrafe 1, apartado A) de esta ordenanza, debendo acreditar o seu dereito mediante certificación expedida polo Secretario da Corporación. Igual redución asistirá ós alumnos que pertencen a familias numerosas, debendo acreditarlo mediante copia do libro de familia numerosa actualizado.

Artigo 6. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase pola aplicación das seguintes tarifas:



Epígrafe 1: Conservatorio Profesional de Música:

A) Matrículas:

✓ Grao elemental:	Cursos 1º e 2º.....	230,54 €
	Cursos 3º e 4º.....	266,55 €
✓ Grao profesional:	Cursos 1º e 2º	309,76 €
	Cursos 3º e 4º	345,79 €
	Cursos 5º e 6º	374,60 €
✓ Por materias soltas, para ambos graos.....		76,84 € (cando o o alumno curse mais dun instrumento ou teña disciplinas validadas)

B) Impartición de clases:

✓ Grao elemental:	Cursos 1º e 2º.....	20,55 € /mes
	Cursos 3º e 4º.....	27,39 € /mes
✓ Grao profesional:	Cursos 1º e 2º.....	30,82 € /mes
	Cursos 3º e 4º	37,67 € /mes
	Cursos 5º e 6º	44,52 € /mes
✓ Por materias soltas, para ambos graos.....		10,27€/ mes (cando o alumno curse mais dun instrumento ou teña disciplinas validadas).

C) Proba de acceso ós distintos cursos de grao profesional y 2º, 3º y 4º de grao elemental..... 33,64 €.

D) Por certificacións académicas persoais, traslados de expediente ou traslados de matrícula viva a outros centros e certificacións de fin do grao elemental: 7,08 €.

E) Impresos de matrícula 0,68 €

Epígrafe 2: Outras actividades musicais:

1. Para aqueles alumnos menores de 8 anos que se matriculen na aula infantil, e asemesmo os matriculados na aula dos adultos, establécese a seguinte cota tributaria:

- A) Matrícula..... 33,64 €
B) Impartición de clases:..... 10,27 €/ mes

2. Os alumnos que se matriculen en ensinanzas non regradas, aplicaráselles a tarifa recollida no epígrafe 1º deste artigo.

Os alumnos que se matriculen en ensinanzas non regradas para recibir formación de profesores no integrados na plantilla de persoal municipal, cos que exista un contrato non laboral en consideración ás especiais cualidades profesionais ou artísticas, aplicaráselles a tarifa seguinte:

Para clases individuais:

Grao Elemental:	55,96 €/mes
Grao profesional:	78,35 €/mes.
Grao superior:	83,94 €/mes.

Para cursillo colectivo:

Grao Elemental:	55,96 €/curso
Grao profesional:	77,91 €/curso.
Grao superior:	83,94 €/curso.



Artigo 7. PERÍODO IMPOSITIVO, PERCIBO E XESTIÓN.

1. A obriga do pagamento das matrícula e da impartición de clases, nace no momento da inscrición nalgunha das materias impartidas polo Conservatorio ou nas outras alternativas musicais establecidas en cada curso académico.

2. Permítese o pago fraccionado, sen percibo de xuros de demora, en dúas liquidacións do 50% do importe das taxas correspondentes ó importe da matrícula, que se aboarán no mes de xuño ou xullo e no mes de setembro.

3. A tarifa correspondente á impartición de clases cobrarase por mensualidades vencidas. Si o alumno presentase a súa baixa nos primeiros 10 días do mes, quedará exento deste pago dito mes, pola contra se causase baixa a partir do décimo día do mes, aboará a tarifa correspondente na súa totalidade.

Artigo 8. INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS

En todo o relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como das sanciónns que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada polo pleno do Concello en sesión de data 10 novembro de 2011, entrará en vigor a partir da súa publicación definitiva no boletín oficial da provincia e manteráse vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.